



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 25 de setembro de 2018 (DOG do 08/10/2018), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 11, punto 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro representantes do profesorado**, dun total de seis que debe ter o Consello Escolar. Deles tres serán elixidos para un período de mandato de catro anos, e o outro para dous anos. Os outros dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.
1. O censo electoral de profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
2. As **candidaturas** correspondentes poderanse presentar **desde as 10.00 horas do día 7 de novembro ata as 14.00 horas do día 14 de novembro de 2018**.
3. Haberá un claustro informativo, de carácter preceptivo, o xoves día 15 de novembro ás 17.15 horas.
4. A xuntanza extraordinaria de **Claustro de Profesores**, para a **VOTACIÓN**, terá lugar o **martes, día 27 de novembro de 2018, ás 17.15 horas**.
5. A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente, e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
6. Cada profesor/a marcará na papeleta de votación un máximo de **tres nomes (3)** da lista de candidatos.
7. O voto será directo, secreto e non delegable.
8. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vedra, a 5 de novembro de 2018.

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Viaño Rey